

ESCOLA DEPORTIVA DE ESCALADA AROMON-PONTEVEDRA

Querémosvos presentar un ano máis a actividade a desenvolver nas instalacións do **Pavillón Municipal da Xunqueira**, co fin de achegar e promover o deporte da escalada aos nosos socios. A maiores e como novidade formaremos parte da rede de escolas municipais, a cal compaxinaremos coa propia escola do club.

Actividade.- Clases de escalada en grupos organizados a desenvolver no Rocódromo durante o período de Outubro 2017 – Maio 2018.

Requisitos.- Ser socio do club e ter feito algún curso de iniciación (ou ben experiencia en escalada deportiva acreditable).

Data de inicio.- Martes 03 de Outubro **Lugar.-** Rocódromo Municipal da Xunqueira

Inscrición.- A partires do **1 de setembro**, **por correo-e ou na oficina do club**, enviando nome, d.n.i., data de nacemento e teléfono a: aromon@aromon.es **ata cubrir prazas**. Inclúe organización, material, instalación, técnico deportivo e seguro para os non federados.

Organiza.- José Juan Domínguez (socio nº 40).

Programa.-

1. GRUPO NEN@S (avanzado).- orientado aos nen@s **socios do club** e de segundo ano na escola, con posibilidade de acudir máis dun día. **Nº de prazas:** 6 por día, de 9 a 17 anos, 2 días á semana (**martes e xoves**). Duración: **1h ½**, franxa horaria: 18:30-20:00. **Tarifa mes: 20€**

Traballarase con eles coma un grupo pequeno de adestramento, mellorando conceptos de progresión, seguridade e rendemento deportivo. A escalada fomenta unha maior autoestima e confianza e a maiores, facilita o traballo da coordinación, flexibilidade e a atención.

2. GRUPO ADULTOS (avanzado).- orientado a **socios escaladores** que busquen aumentar o seu nivel de escalada deportiva (12 socios máximo). Os grupos realizarán adestramentos dirixidos.

- **Grupo A:** 1 día a semana (**mércres**) – **Nº de prazas:** 6

Duración: **2h** Franxa horaria: 20:00-22:00. **Tarifa mes: 25€**

- **Grupo B:** 2 días a semana (**martes e xoves**) – **Nº de prazas:** 6

Duración: **2h** Franxa horaria: 20:00-22:00. **Tarifa mes: 35€**

Inicio das inscricións: **A partires do 1 de setembro**

Notas importantes:

1.- A escola rexerese polo calendario oficial escolar aprobado para o 2017/18, tanto os nen@s coma os adultos. As clases serán impartidas por un Técnico Deportivo/Guía de Escalada en roca con titulación oficial e competencias en docencia e adestramento.

2.- Unha vez se cubran as prazas conformaremos os grupos definitivos, confirmando ós socios de forma inmediata. En función da demanda o club estudará posibles alternativas, como a posibilidade de crear un grupo a maiores na tarde dos venres.

3.- O abono da escola de escalada farase en **dous pagos**, co fin de facilitar o mesmo e de crear un compromiso de asistencia ca escola:

- **1º pago**: de outubro a decembro de 2017

- **2º pago**: de xaneiro a maio de 2018

4.- No referente a **Escola Deportiva Municipal de escalada**, **onde traballaremos con grupos de iniciación**, adiantaremos máis información unha vez sexa oficial. A idea coma sempre será a de achegar e promover o deporte da escalada pero esta vez, ao público en xeral (o club terá dereito a reserva dunha porcentaxe das prazas).